

CES
COOPERATIVISMO E ECONOMÍA SOCIAL
Núm. 44 (2021-2022), páxs. 417-422
ISSN: 1130-2682

**MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DA LEI DE
SOCIEDADES COOPERATIVAS DE ANDALUCÍA**

*MODIFICATION OF REGULATION OF THE LAW OF
COOPERATIVE SOCIETIES OF ANDALUCÍA*

FRANCISCO JOSÉ TORRES PÉREZ*

* Profesor Titular de Dereito Mercantil. Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.
Universidade de Vigo. E-mail: ftorres@uvigo.es

RESUMEN

O Decreto 149/2021 modificou o Regulamento da Lei de Sociedades Cooperativas Andaluzas. A modificación tivo como obxecto prioritario adaptar a norma regulamentaria aos cambios operados na Lei no 2018. Non obstante, os cambios tamén afectaron certas correccións técnicas, a aspectos de rexistro e ao réxime sancionador.

PALABRAS CLAVE: Lexislación, Andalucía, Seccións de crédito, Cooperativas de impulso empresarial, Registro, Réxime sancionador.

ABSTRACT

The Decree 149/2021 modified the Regulations of the Andalusian Cooperative Societies Law. The primary objective of that modification was to adapt the regulation to the changes made in the Law in 2018. However, the changes also affected certain technical corrections, aspects of registration and the sanctioning regime.

KEY WORDS: Legislation, Andalusia, Credit sections, Cooperatives for business promotion, Registration, Sanctioning regime.

I

O Decreto 149/2021, de 27 de abril polo que se modifica o Decreto 123/2014, de 2 de setembro polo que se aprobou o Regulamento da Ley 14/2011, de 23 de decembro, de Sociedades Cooperativas Andaluzas, publicouse no BOJA (Boletín oficial da Junta de Andalucía) o día 3 maio 2021 e entrou en vigor ao día seguinte da súa publicación.

Consonte a esta modificación, adaptase tal Regulamento ás modificacións introducidas na Lei de Sociedades Cooperativas Andaluzas no 2018. A citada modificación afectou a aspectos tales como a redución do número de persoas socias necesarias para constituír unha cooperativa (de 3 a 2 persoas), o dereito sancionador e a variación na disciplina das seccións de crédito.

II

Precisamente unha das principais razóns da reforma da norma aquí anotada, é a regulamentación detallada de tales seccións de crédito. Nesta materia, modifícanse o artigo 10.3 do Regulamento, prevendo a posibilidade de que as seccións podan constar dun Consello ou Administración que terá competencias sobre os asuntos propios de tales sección e axustarase ás directrices establecidas polo órgano de administración da Cooperativa. Os membros do Consello da Sección son designados pola Xunta de persoas socias da sección entre os seus compoñentes.

En relación tamén coas seccións, tense modificado o artigo 11.1, no que se prevé que as sociedades cooperativas que non sexan de crédito poderán regular estatutariamente a existencia de seccións de crédito. Tales seccións poderán realizar operacións de intermediación financeira con súas persoas socias. Enténdese, neste punto, que as operacións de intermediación financeira poden consistir na captación de depósitos ou a concesión de créditos ás persoas socias ou a propia sociedade.

Tamén no que atinxe ás seccións de crédito, régulanse os órganos das mesmas -artigo 13-. Prevese a posibilidade de que tales seccións podan contar cun Consello ou Administración de Sección -na liña apuntada anteriormente-, e a obrigatoriedade de que consten cun Director ou Directora xeral -ou un cargo equivalente- con dedicación permanente. Neste punto, establécense as condicións que deberá cumprir a persoa titular da xerencia e o seu proceso de designación. No apartado 3 deste artigo 13, consta o procedemento para determinar as condicións económicas das operacións activas e pasivas da sección co obxectivo, entendemos, de evitar contradicións entre o órgano de administración da sociedade e a xerencia profesional da sección de crédito.

Así mesmo, determínanse no artigo 16, aspectos como os xuros que se poden establecer para as operacións crediticias coa propia sociedade cooperativa que non poderá resultar inferior ao xuro legal do diñeiro coas salvedades que determina o citado precepto para determinado tipo de operacións. Tamén no que respecta ás cooperativas que teñan seccións de crédito, regúlase no artigo 18 e con detalle o procedemento de información e auditoría e coa corresponde remisión a lexislación de auditoría de contas.

III

Non obstante, a reforma non se circunscribe ás seccións de crédito. Tal e como se di na exposición de motivos -parte expositiva- da norma aquí comentada, tense aproveitado a modificación para incorporar no Regulamento outras variacións e certas correccións técnicas. Así, por exemplo, variase o artigo 27.3,a) do Regulamento, fixando os xuros das achegas realizadas polas persoas inversoras -que non poderán ser superiores a seis puntos sobre o interese legal-.

Tamén, no artigo 30.5 do Regulamento, téñense incorporado medidas específicas para garantir a asistencia e intervención na Asemblea Xeral por medios electrónicos así como para garantir o correcto exercicio do dereito de voto. No que atinxe a asistencia e intervención, prevese que as persoas socias poderán dispor para súa identificación de acceso individual mediante contrasinal e nome de usuario que lle deberán ser facilitados pola cooperativa de xeito confidencial. Respecto ao dereito de voto, prevese que o medio técnico utilizado para a autenticación sexa a sinatura electrónica ou ben un sistema propio da cooperativa que garanta tal autenticidade así como a reserva de identidade das persoas socias no caso de votacións con voto segredo. Nunha liña semellante modifícanse o artigo 36.5 referido ás reunións do Consello Reitor.

Outra variación salientable é a da regulamentación das cooperativas de impulso empresarial que son aquelas que teñen como finalidade a de canalizar a iniciativa emprendedora das persoas socias. Pois ben, o artigo 81 do Regulamento, tense modificado para, por unha banda, ampliar as actividades que se poden realizar a través de tal tipo de cooperativas sempre que, tales actividades, estean vencelladas a un proxecto empresarial de emprendimento e autorizadas, expresamente, polos Estatutos de tal sociedade. Tamén no referente a esta clase de cooperativas, tense determinado a porcentaxe de votos que poden ter as denominadas persoas socias de “estrutura”. Tal porcentaxe estará fixada estatutariamente pero non poderá superar o 30% dos votos sociais. Así mesmo, varíase nesta clase de cooperativas o fondo específico destinado a asegurar ás persoas socias o cobro dos anticipos societarios. Dito fondo, que nútrese de polo menos, o un por cento dos ingresos derivados da actividade cooperativizada, ata alcanzar o 50% do importe

correspondente á totalidade dos citados anticipos percibidos polas persoas socias usuarias no exercicio económico anterior.

No relativo a outras modificacións técnicas no réxime regulamentario doutras clases de cooperativas, compre salientar o seguinte. Nas cooperativas de vivenda, modifícase puntualmente, e cunha mera finalidade técnica de coordinación do artigo 92.3 co artigo 91.5 do Regulamento, o réxime de transmisión dos dereitos sobre a vivenda o local. Nas cooperativas de segundo ou ulterior grao, prevese a posibilidade de que a súa administración sexa única ou solidaria cando o número de persoas socias sexa igual ou inferior a dez -tal e como se modifica o artigo 106.4 do Regulamento-.

IV

Finalmente, tamén hai que dar conta da modificación e correccións técnicas que a norma aquí anotada e dúas importantes cuestións. Primeira, na relativa ao procedemento de publicidade de certos actos no rexistro de cooperativas de Andalucía e o procedemento de legalización electrónica dos libros das sociedades cooperativas -modificando a tal efecto os artigos 156, 160 e 163 do Regulamento-. A segunda, en relación co réxime sancionador e para detallar a disciplina xeral contida no artigo 124 da LSCA. En particular, o regulamento modifícase nos seus artigos 170.2 e 171.5 co obxectivo de fixar as sancións aparelladas ás faltas leves, graves e moi graves, contemplando ademais a posibilidade de descalificación para aquelas de maior gravidade. Nesta materia sancionadora, no que atinxe a atribución de funcións de control e inspección (artigo 174 do Regulamento) engádesse un punto específico sobre atribución de competencias no caso de control de legalidade nas seccións de crédito. En tal caso, atribúense a persoal funcionario dependente do órgano directivo da Consellería competente en materia de política financeira. Nesta materia, coherentemente, tamén atribúese a tales órganos o inicio da función inspectora cando tal inspección teña por obxecto as seccións de crédito da sociedade cooperativa (art. 177.1, III).

Tamén en materia sancionadora, a norma anotada da unha redacción completamente nova -moito mais completa- ao artigo 185 no que se disciplina o denominado recoñecemento de responsabilidade e co obxectivo de adaptar a norma á Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Nesta mesma liña, modifícanse outros varios preceptos do Regulamento no referente ao procedemento (audiencia a persoa interesada e resolución, Resolución, Executividade da Resolución, etc.), e finalizar cunha corrección técnica menor no procedemento de descalificación previsto no artigo 194 do Regulamento.

V

En suma, como pode comprobarse, unha modificación detallada da norma regulamentaria andaluza -xa de por si extensa e que non ten un concreto equivalente no panorama legislativo estatal-, que vai mais alá dunha simple adaptación e incorpora medidas de corrección técnica e harmonización coa Lei.